



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.com

Abril 2009

D.L. C-325-85 Edita CIG-Ensino. R. Miguel Ferro Caaveiro, 10, Santiago. 15703. Tiraxe 12.000

Polo dereito ao ensino en galego

A CIG-Ensino valora como moi graves as declaracións do futuro presidente da Xunta de Galiza que reiterou a súa intención de derogar o Decreto 124/2007. Desde a CIG-Ensino consideramos que é o momento de oporse con rotundidade a estas medidas regresivas que só conducen ao exterminio da nosa lingua. Ademais, seguiremos demandando o mantemento e o cumprimento da lexislación vixente e reclamando que se avance na normalización do noso idioma.

Precisamente estes días acaban de se facer públicos os **resultados do Mapa Sociolingüístico de Galiza, elaborado en 2004**. Estes datos non deixan lugar á dúbida: hai unha lingua desfavorecida que precisa de medidas normalizadoras, o galego. Os resultados do Mapa veñen a corroborar o que moitos xa denunciámos: *que a nosa lingua está en retroceso nas zonas máis habitadas e entre os falantes máis novos e novas*, precisamente os/as que deben manter vivo o noso idioma. Así, nos últimos doce anos, a poboación que se declara monolingüe en galego reduciuse á metade, pasando a ser só un 16%, e os que declaran falar máis en galego

ca en castelán reducíronse en máis de 8 puntos, quedando nun 22,9%. Mentres, o número de persoas que declaran que só falan en castelán duplicouse até acadar o 25,8% e tamén se incrementaron os que din empregar máis o castelán có galego, que pasan a ser un 35,3%.

No ámbito do ensino, malia que a Lei de Normalización Lingüística de hai 27 anos xa establecía que as aulas se tiñan que impartir, como mínimo, nun 50% en galego, segundo os datos publicados no informe do Consello da Cultura de 2002, en Educación **Infantil** soamente o 33% do alumnado usa habitualmente máis o galego, en Educación **Primaria**

soamente o 36% do alumnado e en Educación **Secundaria** non supera o 27%. Mentres o **profesorado** que usa o galego oralmente nas aulas de Infantil e Primaria non supera o **22,10%**. Por outro lado, **o uso da nosa lingua na Universidade** da Coruña non supera o 10%, na Universidade de Santiago non supera o 20% e na de Vigo non supera o 26%, habendo facultades en que a presenza da nosa lingua é totalmente nula.

Con estes datos, é evidente que falar de imposición do galego ou de perigo para o castelán é totalmente falso. Por iso a **CIG-Ensino** considera moi graves as declaracións do Sr. Núñez Feijoo, que anunciou



a **derrogación do Decreto 124/2007** de uso e promoción da lingua galega no ensino, co que pretende atender as demandas dun **sector minoritario da sociedade** cuxo obxectivo non é outro que o exterminio do galego. É sumamente preocupante que o futuro presidente dun país anuncie, **como primeira medida, unha proposta en contra da lingua propia**, o galego, malia que esta continúa a ser a lingua marxinada do sistema educativo e de moitos outros ámbitos e usos. O normal e razoábel para un presidente, que non se sinta antigalego, sería garantir os dereitos dos galegofalantes, estar preocupado polo retroceso do uso do noso idioma e tomar as medidas adecuadas para que, como mínimo, a actual lexislación normalizadora se cumpra. Algo que, por certo, foi o que recomendou o Comité de ex-

pertos do Consello de Europa.

O futuro presidente da Xunta non ten en conta que o galego **aínda non acadase, na Galiza, o mesmo status legal que o Español**, que a escola continúa a ser unha institución desgaleguizadora, que nin sequer un tercio das aulas se imparten en lingua galega, que a mocidade usa o noso idioma nun **40% menos** do que o facían os seus avós e avoas, que o **10% do alumnado** non reciba ningunha clase de galego, que se incumpra a actual normativa do uso do galego nas aulas, que persista a carencia de material didáctico en galego ou dun plano de formación do profesorado. A pesar de todo isto, **ten a ousadía de dicir que se está a impor o galego**. A única imposición real é a nosa imposibilidade de podermos exercer como galegos e galegas no noso propio país.

A **CIG-Ensino** porá todo da súa parte para impedir este atropelo que, **incomprensiblemente, pretende levar a cabo o PP**, unha vez que acadou a maioría absoluta. E dicimos incomprensiblemente porque debemos lembrar que a Lei de Normalización Lingüística, que xa fixaba o 50% de impartición das aulas en galego, **foi aprobada hai 27 anos co apoio do PP**. O decreto, que agora pretenden derrogar, emana do plano xeral de normalización lingüística aprobado por unanimidade no parlamento, co voto favorábel de Núñez Feijoo e cando o PP tiña maioría absoluta que recolle literalmente que “como mínimo, o alumnado recibirá o 50% da súa docencia en galego”, que é o mesmo que reproduce o Decreto 124/2007 que, agora, pretende derrogar o Sr. Núñez Feijoo.

Para facer fronte a esta vaga de españolismo exacerbado en contra do ensino en galego, a CIG-Ensino participará e promoverá diferentes accións e iniciativas, como as seguintes:

- Apoiar a **manifestación** que a Mesa pola Normalización Lingüística convoca para o **17 de maio, en Compostela**, que conta co apoio de numerosas asociacións e organizacións.
- Apoiar o **manifiesto** elaborado para a convocatoria desa manifestación. Podes asinalo na nosa páxina web (www.cig-ensino.com) ou na da Mesa (www.amesanl.org).
- Realizar asembleas explicativas e valorativas da actual situación en todos os centros de ensino recadando o apoio ao manifesto e á manifestación. Tédelo na contraportada.
- Realizar **assembleas cos equipos de normalización lingüística**, ás que xa asistiron máis de 300 coordinadores e coordinadoras, promovendo un posicionamento conxunto ante o anuncio da derrogación do Decreto. Achegamos a proposta que xa foi enviada a todos os equipos.
- Promover que **Claustros, Consellos Escolares e ANPAS** se sumen ao **manifiesto** e fagan pública a súa resolución facendo un chamamento á participación na manifestación do 17 de maio e en contra da derrogación do decreto 124/2007.
- **Concentración o día 1 de abril** diante do Parlamento, coincidindo coa constitución do parlamento.
- Finalmente, non desbotamos, mesmamente, **paralizar o ensino** se non conseguimos que o futuro goberno galego desista da súa intención de eliminar os pequenos avances que conseguimos na normalización lingüística.
- Promoveremos **resolucións das catro xuntas de persoal** docentes non universitarias polo dereito ao ensino en galego.

Proposta de posicionamento conxunto dos ENL ante o anuncio da derogación do Decreto

O Equipo de Normalización Lingüística do, concello de, en reunión realizada o, coa asistencia do profesorado, alumnado e persoal non docente integrante do ENL abaixo asinante, manifesta:

1. A situación lingüística de Galiza é unha situación de diglosia, tal e como teñen ditaminado todos os estudos científicos realizados para establecer a situación do galego. Isto quere dicir que a lingua propia de Galiza está nunha situación de inferioridade en canto ao seu uso e consideración respecto da lingua que é identificada como lingua de prestixio e poder, que no noso caso é o español. Esta conclusión científica non foi rebatida, porque, evidentemente, non foi superada.
2. Todas as normas coas que Europa se ten dotado sobre a situación das linguas desfavorecidas nos seus territorios propios, establecen que deben ser promovidas e potenciadas co obxecto de modificar a súa consideración social e incrementar o seu uso para convertelas en linguas plenamente vivas e garantir o seu futuro e pervivencia ao promover o seu emprego entre as xeracións máis novas.
3. O Consello de Europa ten ditaminado a importancia de manter e cumprir a lexislación actual da lingua galega, a saber: Lei de Normalización Lingüística, Plan Xeral de Normalización e Decreto 124/07. Ao mesmo tempo recomendoulle á Administración educativa que puxese os mecanismos necesarios para cumprir esa lexislación e que ampliase o uso do noso idioma no ensino para garantir o cumprimento do PXNL en todos os ámbitos.
4. De todo o anterior dedúcese que, non só cumpre manter e cumprir a lexislación en vigor sobre o uso da nosa lingua propia, senón que mesmo cumpriría ampliar esa normativa para que fose máis garantista na protección do galego. Por este motivo non podemos entender, nin aceptar, que o presidente de todas as galegas e galegos, anuncie reiteradamente que derrogará o Decreto 124, explicitando que non o fai para mellorar a súa aplicación e incremento, senón para que haxa nenos e nenas que, porque o decidan seus pais, non teñan acceso á mesma formación en galego có resto do alumnado. Por outro lado, debemos ter en conta que ese Decreto non é máis que a concreción no ensino do PXNL, aprobado por unanimidade no Parlamento, e que contou co voto favorábel do novo presidente da Xunta.
5. Unha medida dese tipo sería contraria non só ás conclusións científicas senón que significaría unha involución inaceptábel que nos conduciría á extinción do noso idioma. Unha medida regresiva que desfaría todo o traballo realizado con esforzo e voluntarismo polo profesorado galego durante anos e anos e que podería dar lugar á discriminación do alumnado por razón de lingua.

Por todas estas consideracións reclamamos que se manteña a lexislación vixente, que se cumpra e que se protexa e promocióne o noso idioma activamente, como conclúen os estudos socio-lingüísticos en vigor, que establecen con claridade que a única lingua desfavorecida en Galiza é a súa propia, o galego.

Enviar a Sr. Núñez Feijoo.
Correo Postal: Avda. Fernando Casas Novoa. Edificio CNL Baixo. 15702. Compostela.
Fax Sede PP Galiza: 981573190

Enviar a Sr. Presidente da Xunta de Galiza.
Correo Postal: Edificios Administrativos - San Caetano, s/n. 15704 Santiago de Compostela. Fax
Presidencia: 981 541 219

Enviar tamén copia á CIG-Ensino no Fax 981575839

Manifesto a prol da Convivencia Lingüística e da Igualdade de Dereitos para o Galego

Trinta persoas representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega promoveron en xullo de 2008 este manifesto en defensa da igualdade de dereitos para o galego, para o cal se comezou un proceso de recollida de adhesións doutras persoas, entidades, etc.

Varios meses despois, este texto continúa a estar en vigor, máxime cando o PP anuncia a súa pretensión de desmantelar puntos básicos da oficialidade do galego, como a existencia de escolas infantís que impartan nesta lingua (as Galescolas), o decreto que regula un mínimo do 50% do ensino en galego ou a lei que sinala que os nomes de lugar do noso país terán como forma oficial a galega. Estas medidas, ademais de

suporen o perigo dunha confrontación indeseñábel e dunha fractura social, van contra acordos unánimes do Parlamento e vulneran o espírito e a letra do artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos.

Nos últimos meses, repetiuse desde diferentes grupos de poder a falaz idea de que hai un proceso de "imposición del galego", presentando, con cinismo, o mundo ao revés. A realidade do día a día e todos os estudos sobre o tema desmontan esa mentira. Así, o Consello de Europa advertiu nun contundente informe de finais de 2008 que en Galiza non se están a cumprir tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos e

que non hai garantías mínimas para este idioma en sectores tan importantes como o ensino, os servizos públicos, a xustiza ou os medios de comunicación. Así mesmo, a Real Academia Galega vén de publicar un estudo sinalando que en doce anos se reduciu á metade a cantidade de persoas que fala habitualmente en galego. Perante a necesidade de respostas por parte da sociedade galega, animamos a continuar na recollida de apoios a este manifesto e a participar nos actos de mobilización en defensa da nosa lingua, como a manifestación nacional convocada para o 17 de maio ás 12 horas desde a Alameda de Santiago de Compostela.

As persoas que promovemos esta chamada queremos manifestar, perante as institucións de autogoberno e como aclaración perante a sociedade galega, o seguinte:

1. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua propia (orixinaria) sexa oficial a todos os efectos no seu ámbito territorial. Os usuarios do galego deben desfrutar no seu territorio do mesmo status legal que o castelán ten no seu.
2. A situación do galego está moi lonxe de ser así. Non desfrutamos de dereitos lingüísticos plenos para desenvolver a nosa vida diaria con normalidade na nosa lingua na nosa terra. Son os falantes do galego os que resultan discriminados. É o galego o que corre perigo como idioma e os galegos falantes os que non son debidamente respectados. Vivimos unha grande inxustiza que é a negación da igualdade e da verdadeira convivencia.
3. Por iso, resulta realmente preocupante que, desde Madrid, con apoio de importantes medios de comunicación, haxa quen pretenda convencer á opinión pública de que o castelán corre perigo de desaparición e que os seus falantes son discriminados no noso país. Esta inversión da realidade ten como obxectivo que os falantes do galego non teñan dereitos lingüísticos e que os únicos deberes para as Administracións públicas se vinculen ao castelán.
4. O verdadeiro problema non está na cooficialidade de idiomas como o galego, senón na actitude de quen nega a existencia de pobos e linguas diferentes no Estado español. Esta actitude si é a negación da convivencia e da igualdade. O proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir nesta lingua. O que compre é respectar a legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Lingüística) e avanzar con cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia. Xustamente a dirección contraria á proposta polos que pretenden a imposición do castelán como único idioma con dereitos e deberes para os cidadáns en todo o territorio do Estado.
5. Correspóndelle ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto reconece para o noso idioma. Esperamos o compromiso das institucións de autogoberno na defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e na aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos. Neste labor contarán sempre co noso apoio.
6. Alertamos á sociedade galega para non se deixar confundir e instámola a cavilar sobre a verdadeira situación do galego no propio país.

Defendemos un dereito humano elemental que nos define, ademais, como pobo diferenciado. Debemos ser firmes rexeitando todo posicionamento que persiga recortar dereitos ou retroceder no cativo camiño andado tanto nas administracións públicas, como na vida social.

Podes asinar o manifesto na nosa páxina (www.cig-ensino.com) ou na da Mesa (www.amesanl.org)

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tif. 981576800 Fax. 981575839
Nacional: galiza@cig-ensino.com
Santiago: santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tif. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tif. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tif. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tif. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tif. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tif. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tif. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tif. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tif. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tif. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tif. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com